



As corrupcións no Antigo Testamento. Escolma de urxencia

Xoán C. Rodríguez Herranz

1.- Posibilidade dun intento

Damos comezo á busca dun tema ou concepto na Biblia, a «Biblioteca Nacional de Israel» (Jean-Louis Ska dixit). E falamos de *corrupción*. As definicións dos dicionarios falan de cambiar a natureza dunha cousa, degradándoa ou trocándoa en mala, perversa; de depravación persoal, operacións económicas fraudulentas, quebrantamento da ética na administración pública ou funcionarial; de ofertar dádivas a un xuíz ou empregado público para que non obre como é o seu debido. Neste aspecto a Biblia, que non é allea ao tema, tampouco é en exceso prolíxa.

Se quixésemos abordar o concepto con academicismo, habíamos sorprender que a enquisa de vocabulario non dá coa idea abstracta de ‘corrupción’. Todo ao máis poderíamos aludir a elementos dun campo semántico que a abranguen ou lle son afíns. O máis próximo é o termo *shohad*, o regalo para congraciarse con alguén ou para comprar un favor, para compensar por unha débeda ou culpa; o don para subornar a alguén, especialmente a un xuíz. Ao seu carón, aínda que menos frecuentes, citaríamos *mattán*, don, dádiva en xeral, e *mattanáh*, regalo intencionado para comprar vontades. En suma, teríamos que facer un estudo monográfico demorado, libro por libro e contextualizando¹.

Se sondamos na narrativa dos libros *históricos* do AT algúns prototipos desa deturpación moral, 2 Sam 11, 1-2, 15 pódenos amosar

¹ En razón da peculiaridade do escrito prescindiremos das notas bibliográficas que fundamentan as traducións e comentarios dos textos aducidos. Polo mesmo, as transcripcións de palabras orixinais non van ser filolóxicas senón simplificadas.